

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 16, 19-31

Naquel tempo, díxolles Xesús ós fariseos:

– «Había un home rico que vestía roupa de púrpura e liño fino, e que celebraba todos os días espléndidos banquetes.

Ó pé da súa porta xacía un pobre, chamado Lázaro, todo cuberto de chagas, que estaba desexando matar a fame co que caía da mesa do rico; e incluso os cans se achegaban a lle lamber as chagas.

Resulta que morreu o pobre, e levárono os anxos ó seo de Abrahán. Morreu tamén o rico, e enterrárono.

Estando no lugar dos mortos, no medio dos tormentos, erguendo os ollos viu a Abrahán e mais a Lázaro no seu seo.

Entón suplicoulle dicindo:

"Ai, pai Abrahán, ten dó de min; mándame a Lázaro para que molle o seu dedo na auga e refresque a miña lingua, porque me atormenta o lume".

Pero Abrahán contestoulle:

"Fillo, recorda que ti recibiches bens na túa vida, mentres Lázaro recibiu males; agora el recibe consolo e ti tormento. Ademais, entre nós e vós hai un abismo insalvable; de xeito que desde aquí non se pode pasar onda vós, nin desde aí se pode vir onda nós".

Entón el insistiu:

"Suplícoche, pai Abrahán, que o mandes a casa do meu pai, onde teño cinco irmáns, para que lles fale claramente e non veñan dar a este lugar de tormentos".

Pero Abrahán respondeulle:

"Xa teñen a Moisés e os Profetas: que lles fagan caso a eles".

El volveu insistir:

"Pero non llelo van facer, pai Abrahán, non; se un morto vai onda eles, seguro que se converterán".

Pero Abrahán replicoulle:

"Se a Moisés e mais ós Profetas non lles fan caso, tampouco llo farán nin a un morto resucitado".»